

## ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE XUVENTUDE E DEPORTES

No Pazo Provincial, sendo as 12:12 horas do día 22/07/22, reúnese a Comisión de Xuventude e Deportes, baixo a presidencia de **D. GORKA GOMEZ DIAZ**, sendo a súa suplente **D<sup>a</sup> ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ**, e coa asistencia dos seguintes Deputados/as, de **D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ, D<sup>a</sup>, ANA M<sup>a</sup> MEJIAS SACALUGA, D. CARLOS LÓPEZ FONT, D<sup>a</sup> NOEMÍ OUTEDA PROL, D. MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ, D<sup>a</sup> IRIA LAMAS** en substitución de **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D<sup>a</sup> MARIA ORTEGA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**, xefe do servizo Deportes.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.-LECTURA E APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.**

Non existindo reparo algún, apróbase, por unanimidade, a acta de 17/06/2022.

### **2.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPEN EN COMPETICIÓN FEDERADAS DE ÁMBITO NÁUTICO NAS MODALIDADES DE PIRAGUISMO, REMO E VELA PARA O ANO 2022**

Unha vez comprobadas as 53 solicitudes, constátase que 51 reúnen as condicións esixidas mentres que 2 son excluídas: 1 por tramitación noutra convocatoria e outra por non estar ao corrente coas obrigas tributarias da Facenda Galega (Atriga).

Polo que, concédense un total de 500.000,00 € para as 51: 27 solicitudes de piragüismo, 15 solicitudes de remo e 9 solicitudes de vela.

### **3.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS AOS DEPORTISTAS RECOÑECIDOS COA CATEGORÍA DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL (DEPO\_DAN) E DEPORTISTA PROMESA (DEPO\_PROMESA) DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022**

Esta convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas destinadas a apoiar e posibilitar a participación nas competicións internacionais e nacionais dos deportistas que teñan o recoñecemento de categoría deportista de alto nivel (DEPO\_DAN) ou deportista promesa (DEPO\_PROMESA)

A contía total destinada é de 250.000,00 €

### **4.- ROGOS E SUXESTIÓNS**

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:14 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

